



IV 69

O día tres de setiembre
un día moi criminal
que lle acaban ca pacencia
ó señor Manuel do Val.

Era un home presomido
porque gastaba sombreiro
iba mallar dacabalo
cara á casa de Louteiro.

Chegou ó chau da Laghúa
xa a máquina rombaba
deu espuelas ó cabalo
pensando que iba pra Habana.

Chegou á esquina da aira
e pingábanlle as faldeiras
e quitou a camiseta
e entreghoua ás cociñeiras.

Pasaron dous ou tres meses
i o home non se acordaba
cando se quixo dar cuenta
tíñanlla toda gastada.

Mazá mulida señores
e cabeza de animal
que gastou a camiseta
nas uces no Xardoal.